

**CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DE PROFESORA/OR A TEMPO PARCIAL DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA DE OURENSE.**

**CARACTERÍSTICAS DA PRAZA:**

- **Materia:** Enfermería materno-infantil (contidos obstétrico-xinecolóxicos).
- **Centro:** Escola Universitaria de Enfermería Ourense, adscrita á Universidade de Vigo
- **Lugar:** Escola Universitaria de Enfermería de Ourense
- **Horario:** Tarde
- **Nº de horas:** 19
- **Categoría:** Profesora/or
- **Vinculación coa E.U. Enfermería adscrita a Uvigo:** Venia docendi
- **Dedicación:** Tempo parcial
- **Inicio:** Curso académico 2024-2025 e seguintes, de ser o caso.

A convocatoria rexerese conforme as seguintes:

**BASES:**

✓ **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

1. Os interesados en participar na convocatoria deberán de presentar solicitude, segundo modelo de instancia (anexo II).

2. As solicitudes e a documentación anexa que se detalla no epígrafe (DOCUMENTACIÓN), presentárase no rexistro da secretaría administrativa da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense, situada na planta soto -3, do Edificio Santa María Nai, Rúa Ramón Puga 52-54, C.P. 32005, dirixidas a Directora do Centro, no prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios da Escola Universitaria de Enfermería.

Será causa de inadmisión ao proceso de provisión a presentación extemporánea da solicitude polo interesado.

As solicitudes e o resto de documentación poderán, así mesmo, presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

✓ **REQUISITOS DOS ASPIRANTES:**

Os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de fin de presentación de instancias:

→ **De carácter xeral**

1. Ostentar a condición de persoal estatutario fixo ou interino na Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras (SERGAS), en situación de activo, condición que deberá manterse durante o curso académico
2. Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración do Estado, da Administración Autónoma Institucional ou Local, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
3. Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes á praza convocada.

➔ **De carácter específico**

1. Titulación de Diplomatura/Grao en Enfermería, Especialista en xinecoloxía e obstetricia coa titulación de Doutora/or.
2. Dispor de quenda laboral noutra actividade susceptible de compatibilizar coa actividade docente, de ser o caso.
3. Non ter xa vinculación docente no cadro de profesorado da Escola.

No caso de que non houbera ningún solicitante que posúa o título de doutora/or, poderán ser seleccionados aspirantes que estean na fase realización dos estudos de doutoramento. Se aínda así na convocatoria non contara con candidatas/os, subsidiariamente poderían concorrer aquelas/es que posúan a Titulación de Diplomatura/Grao en Enfermería coa especialista en xinecoloxía e obstetricia.

✓ **DOCUMENTACIÓN.**

As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, acompañarán a súa solicitude cos seguintes documentos:

- a. Copia do DNI ou documento equivalente.
- b. Copia compulsada ou legalizada do títulos académicos esixidos para cada figura. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo Ministerio de Educación e Ciencia. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán a homologación.
- c. Curriculum Vitae.

Os documentos acreditativos do curriculum vitae, **presentaranse encadernados e foliados, na mesma orde e referencia que aparece no curriculum, con separatas en cada apartado.**

Todos os documentos deberán acreditarse coa certificación da actividade correspondente (docente/profesor, relator....)

- d. Proxecto docente referido a materia que debe incluír:

- Propósito xeral da materia.
- Competencias da materia
- Metodoloxía docente
- Avaliación

Dito proxecto será conforme coa Memoria do título de Graduado/a en Enfermería pola Universidade de Vigo. A información da Memoria e das materias pódese atopar na páxina web da Escola.

<http://euenfou.webs.uvigo.es/index.php/marco-organico/memoria-vixente>

[https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia\\_docent/?centre=151&ensenyament=O51G140V01](https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/?centre=151&ensenyament=O51G140V01)

✓ **BAREMO DE MÉRITOS:**

- Os méritos dos aspirantes serán valorados conforme ao baremo de méritos que consta como anexo I da presente convocatoria.
- Os aspirantes deberán acreditar documentalmente os méritos que pretendan facer valer.
- Os méritos non acreditados non serán valorados.
- Os méritos serán valorados por unha comisión de valoración, cuxa composición será publicada no taboleiro de anuncios da Escola Universitaria de Enfermería.

✓ **PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN.**

1. Nun prazo máximo de **dous días hábiles**, desde o seguinte a finalización do prazo de presentación de solicitudes, a comisión redactará unha acta na que se reflectirá a **listaxe de admitidos/as e excluídos/as**, segundo os requisitos da convocatoria.

Os aspirantes disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, que contarán a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Escola, para poder emendar o defecto que motivou a exclusión ou a omisión.

As emendas deberán ser dirixidas a/o Presidenta/e da comisión e entregadas no rexistro do Centro.

2. A comisión de valoración procederá a valorar os méritos aportados polos solicitantes segundo os criterios recollidos no anexo I.

Redactará un acta coa relación provisional de puntuacións desagregadas obtidas polos aspirantes. Os interesados disporán de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar as reclamacións motivadas que estimen pertinentes, que serán resoltas pola comisión de valoración.

Dende o día seguinte á finalización do período de reclamacións, a comisión redactará unha acta na que se reflectirá a listaxe definitiva coa puntuación acadada por cada un dos concursantes segundo o baremo establecido e formulará a súa proposta de resolución, na que figurarán a/as persoas candidata/as seleccionadas por orde de puntuación.

De producirse empate na puntuación, a orde desempate será a seguinte:

1. Pola orde de maior a menor puntuación obtida polo interesado no apartado méritos docentes.
2. Pola orde de maior a menor puntuación obtida polo interesado no apartado méritos académicos.
3. De maior a menor idade

Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación contra a proposta, a Presidenta/e da Comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Dirección da Escola, aos efectos da resolución definitiva, e solicitude da Venia Docente á Universidade.

No non previsto na presente convocatoria aplicaranse suplementariamente as disposicións contidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Contra a presente resolución, poderá interpoñer recurso de alzada, perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á súa publicación, nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, durante os distintos actos do procedemento, entenderanse resoltas implicitamente na publicación da listaxe definitiva.

En Ourense, a 14 de xuño de 2024.

A directora da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense  
Asdo. M.<sup>a</sup> Milagros Fernández Varela

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que con esta data procédese á publicación da presente Resolución nos taboleiros da Escola.

Ourense a 14/06/2024.

A Secretaria Académica da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense.

Dna. Natalia Fariñas Valiña.

**ANEXO I: BAREMO DE MÉRITOS**
**I. MÉRITOS ACADÉMICOS (Máximo 15 puntos)**

Cualificación de Sobresaliente <i>Cum Laudem</i> na tese doutoral	6 puntos
Outro título de enfermeira especialista distinto do sinalado como requisito específico (Formación sanitaria especializada: Ministerio de Sanidade)	1,75 puntos
Premio académicos	1 punto
Posgrao Máster Oficial	2 punto
Outras titulacións universitarias	1 punto
Estar en posesión do Certificado de lingua galega (CELGA 4 ou equivalente).	0,25 puntos

**II. MÉRITOS DOCENTES (Máximo 25 puntos)**

Docencia universitaria:	
Docencia con dedicación a tempo completo	6 puntos/curso académico
Docencia con dedicación a tempo parcial	1 puntos /curso académico
Tutorización/cotutorización de TFG	0.1 punto/traballo (máximo 1 punto)
Membro de tribunal avaliador de TFG	0.1 punto/curso académico (máximo 1 punto)

**III. MÉRITOS CIENTÍFICOS (Máximo 15 puntos)**

1. Autoría de libros publicados	0,25 puntos
2. Autoría de capítulos de libros	0,10 puntos
3. Autoría de artigos científicos	0,25 puntos
4. Proxectos de investigación:	1 punto/proxecto

**IV. OUTROS MÉRITOS (Máximo 10 puntos)**

Postos de xestión académica universitaria	0,25 puntos/curso académico
Membros de comisións académicas universitarias	0,25 puntos/curso académico

**V. PROXECTO DOCENTE (35 puntos)**

Proxecto presentado de acordo coa súa adecuación á materia obxecto da convocatoria. Deberá acadar un mínimo de 7,5 puntos para poder sumar os méritos anteriores.	Máximo 35 puntos
--	------------------

<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	Máx. 100 puntos
-------------------------	-----------------

**ANEXO II**

**SOLICITUDE PARA CONVOCATORIA DE POSTO DE PROFESOR/A NA ESCOLA  
UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA DE OURENSE**

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI	DATA NACEMENTO
DOMICILIO			
CÓDIGO POSTAL E LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

**EXPÓN:**

Que se atopa en posesión dos requisitos esixidos na convocatoria de data de ..... de 20... para optar ao posto de profesor/a a tempo parcial na Escola Universitaria de Enfermería

**SOLICITA:**

Ser admitido/a na convocatoria ao posto de profesor/a na materia .....

Para o cal presenta a seguinte documentación:

1.-
2.-
3.-
4.-
5.-
6.-

Ourense, a .....de..... de 20

Sinatura do/a Solicitante

SRA DIRECTORA DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA- HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE